

BASES REGULADORAS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADULTOS. Tempada 24/25.

Artigo 1. Obxecto de aplicación.

Convocatoria pública pola que se ofertan prazas para as actividades deportivas das Escolas Deportivas Municipais (EDM) de persoas adultas para a tempada 2024-2025.

As publicacións relativas a esta convocatoria faranse públicas na páxina web do Concello. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

Artigo 2. Persoas destinatarias.

Poderán inscribirse as persoas que polo menos teñan cumprido os 16 anos a decembro do 2024.

Artigo 3. Calendario.

As actividades deportivas darán comezo o 30 de setembro do 2024 e rematarán o 30 de maio do 2025. Non se impartirán actividades cando os días de actividade das escolas deportivas coincida en días non laborais por mor das festividadeas declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

Artigo 4. Actividades deportivas ofertadas.

Impartiranse clases de **Espalda Saudable**, **Ximnasia de mantemento**, **loga suave**, **loga intenso**, **Zumba**, **Pilates** e **Baile**; de 1h de duración, no seguinte horario:

Actividades	Horario	Instalación
Ximnasia mantemento	Luns e Mércores 10:30	Colexios Vellos de San Miguel
Pilates	Martes 10:30	
Baile	Mércores 17:30	
loga Suave	Xoves 17:00	
Zumba	Xoves 19:00	
Ximnasia mantemento	Luns e Mércores 17:00	Centro Sociocultural de San Cosme
loga Suave	Luns 18:15	
Zumba	Martes 20:00	
Baile	Mércores 19:00	
loga intenso	Mércores 20:00	
Pilates	Xoves 18:30	
Espalda Saudable	Xoves 20:00	

Para que unha actividade se imparta deberá cumprir co requisito de ter 5 persoas matriculadas por mes, de non cumprilo poderíase suspender a actividade; e non excederá o número máximo de prazas de 16 prazas, agás en pilates que non excederá as 12 prazas, e en baile ata 22 prazas máximo.

Artigo 5. Inscripcións.

O prazo de inscrición estará aberto dende a publicación **ata o 25 de setembro do 2024**. Despois desta data quedará aberto o prazo de inscrición por rigorosa orde de rexistro de entrada, e sempre que queden prazas dispoñibles nas actividades de preferencia.

Cando o número de inscricións sexa superior ao número de prazas ofertadas nunha actividade aplicarase o seguinte criterio para a adxudicación das prazas: entrarán primeiro as persoas empadroadas por orde rigorosa de entrada en rexistro e logo as non empadroadas por orde rigorosa de entrada en rexistro. No caso de empate, valorarase a primeira entrada en rexistro dende a apertura do prazo de inscricións.

O xoves 26 de setembro farase público a listaxe de adxudicación de prazas e prazas libres. Ás persoas que non se lles adxudique praza pasaran a unha lista de agarda acorde á orde establecida e procederase á

devolución das taxas correspondentes. De quedar prazas libres ao longo da tempada farase chamamento telefónico pola orde correspondente.

Para inscribirse deberase achegar por rexistro de entrada o formulario de inscrición debidamente cuberto e asinado e o xustificante de pago da primeira mensuralidade correspondente á inscrición, De ser o caso de tramitalo a través da sede electrónica municipal deberase cubrir a instancia xeral e achegar o formulario e o xustificante do primeiro pago para que teña validez.

Artigo 6. Pago de taxas correspondentes

As persoas que desexen inscribirse terán que facer o pago da primeira mensuralidade das actividades correspondentes á inscrición. As contías das taxas son as seguintes:

- Unha clase á semana15€/mes
- Por cada clase a maiores semanal 10€ máis ao mes.

O primeiro pago da mensuralidade realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta municipal ES55 2080 0142 9031 1000 0019 de ABANCA especificando no concepto o nome e apelidos da persoa inscrita e o nome da/as actividades inscritas.

Os pagos das mensuralidades seguinte ao primeiro serán domiciliados na conta bancaria que se indiquen no formulario de inscrición, e cargaranse por anticipado na primeira semana do mes natural. O impago de dúas mensuralidades consecutivas suporá a baixa automática na actividade correspondente.

Artigo 7. Formalización de baixas.

Cando unha persoa desexe cursar baixa nalgunha das actividades nas que está inscrita, deberá presentar a súa solicitude de baixa **por escrito no Rexistro do Concello** a través do formulario que alí se lle proporcione ou a través da Sede Electrónica do Concello. A baixa terá efectos no mes natural seguinte á comunicación da baixa presentada, isto suporá a suspensión dos cargos bancarios correspondentes a partir do mes natural seguinte á data de comunicación.